




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ria de Viveiro. Municipio: Xove. Parroquia: San Pedro de Xuances.  
Extensión: 3,8 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Enseada aberta e aliñada por unha importante fractura que lle dá o seu debuxo cuadrangular e prolonga un val aberto e disimétrico cara ao leste. Destaca a acumulación sedimentaria de praia e cordón de dunas, e a suavidade do fondo da depresión traseira.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pertencente ao Dominio herciniano. Este vén representado por: granitos de dúas micas, especie máis abundante; granodioritas e tonalitas orientadas, dispostas en dúas bandas irregulares, unha estreita e continua, de noroeste a sudeste no flanco dereito do val costeiro, entre os acantilados do Castro e o leste do lugar de Prada, e outra irregular e descontínua, asociada a unha falla transformante, que ocupa a meridional da unidade, nas zonas de Cabo de Vila e Fontao. Pero ademais aparece un enclave con pegmatita en Ceranzos. Gneises migmatizados precámbricos e un dique de pegmatita acompañan a banda norte de granodioritas e unha fractura. A cobertura sedimentaria ocupa a fronte costeira, con depósitos cuaternarios de praia e duna, e o fondo do val con materiais aluviais. Dúas fallas parecen en dirección noroeste-sudeste parecen explicar a apertura do entrante e o val costeiro.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario e val costeiro pertencen ao dominio climático Cálido e Seco. A temperatura media anual supera os 14° C, con veráns cálidos e invernos suaves (medias de ata 12° C). As precipitacións, escasas durante o período estival, non superan os 1000 mm anuais e a amplitude térmica sitúase ente 12° C e 13° C.

#### OS SOLOS

O complexo sedimentario propiamente dito está formado por arenosoles nas súas variantes álbica e háplica segundo o seu estado evolutivo. Pola súa banda, a vertente mostra unha catena dende os solos máis desenvolvidos do fondo do val, tipo cambisol dístrico, aos regosoles da cabeceira, pasando por un estadio intermedio nas ladeiras, caracterizadas polos solos do tipo umbrisol dístrico.


#### AS AUGAS

A rede fluvial está formada principalmente polo Rego do Esteiro e as súas cabeceiras, que conforman unha cunca ben definida de orientación xeral SE-NO. As augas verten na masa de Augas Costeiras 20104.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Praia emerxida e primeira crista de dunas atópanse protexidas polo LIC Costa da Mariña Occidental. Esta unidade destaca polos hábitats sedimentarios, en concreto os de dunas do grupo 21, Dunas marítimas das costas atlánticas, do Mar do Norte e do Báltico. A depresión costeira e a estrutura parcelaria permiten que destaquemos dous ambientes a nivel continental: o das áreas hidromorfas e as súas formacións vexetais residentes e o dos bosques de recolonización que, a partir dos lindes dos terreos, pasaron a formar algúns bosquetes. Algún, na marxe do Rego de Esteiro, combinado con especies de ribeira, rolda as 2 ha.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A grandes trazos, é posible percibir dous sectores diferenciados no tocante aos usos do solo a partir do relevo da unidade, que coincide, á súa vez, coa división que establece o discurrir do arroio de Esteiro: Na marxe dereita e sobre unha orografía máis tendida, predominan os espazos de cultivo cos asentamentos tradicionais que o explotan, localizados na zona de transición coas vertentes do Monte Picafeira; na marxe esquerda do leito do Esteiro, e sobre un relevo máis pronunciado, hai un dominio xeneralizado do uso forestal, se ben, alí onde a pendente o permite, se establece unha agra de cultivo lineal co seu correspondente sistema de asentamentos. A fronte costeira da unidade está ocupada pola praia de Esteiro, onde existe unha área de servizos vinculados ao uso recreativo do areal.

#### MORFOLOXÍA

Na rede de asentamentos tradicionais distínguense dous conxuntos: un ao norte apoiado sobre unha vertente máis suave cun amplo espazo de cultivo; e o outro, na vertente oposta, que se localiza a media ladeira alí onde a pendente se modera o suficiente como para permitir a existencia dunha agra. O primeiro deles, entre a cota de 50 e 75 m., presenta un carácter lineal con orientación SE-NO, apoiado no trazado da LU-2610. O seu carácter tradicional maniféstase tanto na súa morfotopoxía como na súa localización – na solaina do Monte Picafeira, alí onde a pendente comeza a ser máis notable, evitando así, a ocupación do agra de cultivo. No sur da unidade localízase o outro grupo de asentamentos que presentan características similares ao anterior. Está estruturado nunha banda lineal de orientación SE-NO e apoiado no viario, pero cun espazo de cultivo menos potente, onde se localizan edificacións exnovo disonantes tipoloxicamente co modelo preexistente, que, apoiados na LU-2610 exercen presión sobre o bordo costeiro atraídos pola presenza da praia de Esteiro.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O sistema de comunicacións baséase unicamente na rede de estradas. A LU-2607, que discorre ao leste da unidade cunha orientación norte-sur, é o eixe a partir do que se produce a conexión desta peza co interior. Dela parten outras vías con orientación SE-NO, que comunican os núcleos existentes na unidade. Así, a LU-2610 conecta as poboacións do norte ata acadar o bordo marítimo por onde discorre cara ao núcleo de Faro, máis ao oeste. Esta estrada favorece a ocupación espontánea nas proximidades de praia de Esteiro. Do extremo sur da unidade (e da LU-2607) parte a LU-2608, que permite a conexión dos núcleos situados ao sur, se ben esta estrada ten como destino final o litoral nun sector máis ao oeste do que nos ocupa. Unha terceira estrada significativa, e como as dúas anteriores con orientación SE-NO, é a que discorre polo fondo de val, paralela ao arroio de Esteiro e que permite un acceso directo á costa ata conectar coa mencionada LU-2610.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Localizáronse na unidade dous castros catalogados como patrimonio arqueolóxico, o Castro de Illade sobre un promontorio da costa, ao sudeste da unidade, e o Castro de Prada, na agra de cultivo próximo a este asentamento do nordeste desta. Por outro lado, cómpre destacar do catálogo de bens de interese cultural a capela de San Pedro Fiz, ao norte, onde o cuarto domingo de agosto se celebra unha romaxe de gran tradición en toda a comarca, e a igrexa parroquial e casa reitoral de Xuances en San Pedro, ao sur do ámbito de estudo.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter rural e tradicional é o trazo definitorio do conxunto da unidade. A organización territorial susténtase, tal e como se puido percibir nos apartados previos, na combinación de asentamentos tradicionais e agra de cultivo, cuxo desenvolvemento superficial está en relación directa coas contrastadas características do relevo que facilitan unha compartimentación norte-sur a partir do curso do arroyo de Esteira.

#### DINÁMICA DA PAISAXE


#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

O carácter tradicional da unidade onde se observa a evidente imbricación entre os ben conservados espazos de cultivo e os asentamentos adxacentes, engadido ao relevo contrastado do conxunto e á presenza da praia de Esteiro –de grande interese xeomorfolóxico polo seu sistema praia-duna-depresión traseira-desembocadura fluvial– dota o conxunto obxecto de análise dun elevado valor paisaxístico. Tal é así que o sector frentecosteiro está incluído en distintas figuras de protección: LIC e ZEPA segundo a Directiva Hábitat, ZEPVN pola lei galega de espazos protexidos e Inventario de humedais galegos. Por outro lado, é necesario subliñar o valor desta unidade, pois ademais dos valores naturais mencionados posúe outros de carácter patrimonial xa citados e etnográficos, como a configuración graduada e pervivencia das sebes vivas nos lindes das parcelas da agra do norte da unidade. Todo iso permite a obtención dunha panorámica de gran calidade potenciada, aínda máis se cabe, pola amplitude da cunca visual cara á costa occidental da Ría de Viveiro e Estaca de Bares. Dende calquera punto localizado lixeiramente por enriba da estrada que une os asentamentos de Prada e San Pedro Fiz, pódese observar esta unidade.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales                                           |
|  Marismas / Marismas                                                         |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas                                                             |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas                                                               |  Viñedos / Viñedos                                                  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados                                                        |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera                                                 |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos                                             |  Artificial / Artificial                                            |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |                                                                                                                                                        |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |                                                                                                                                                        |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |                                                                                             |                                                                                             |                                                                                              |                                                                                               |                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



